



O CONSELLO INFORMA

O pasado venres, 7 de xuño, celebrouse a reunión das Xuntas de Goberno dos sete Colexios da Avogacía de Galicia nas instalacións do Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo. Este encontro, que tivo lugar durante a mañá e a tarde, contou coa participación de máis de 60 letrados e letradas, quen representaron tanto ás xuntas como ao persoal técnico.

Durante a xornada abordáronse temas cruciais para o presente e futuro da profesión, cun enfoque particular nas reivindicacións históricas relacionadas coa financiación da quenda de oficio. Ofreceuse unha actualización detallada sobre as conversas mantidas ao longo do ano coa Xunta de Galicia, así como sobre o estado dos cinco convenios pendentes de sinatura para o presente exercicio. É de destacar que un destes convenios, que se asinará de maneira inminente, incorporará novos conceptos retributivos non contemplados no baremo vixente, o cal permitirá reducir a cantidade de actuacións non remuneradas, anticipándose á expiración do convenio actual, prevista para 2025.

Os representantes dos colexios salientaron a urxencia de incrementar os fondos públicos destinados á asistencia xurídica gratuíta. Neste sentido, o Consello da Avogacía Galega resolveu volver demandar formalmente, como en anos anteriores, un aumento nos recursos financeiros asignados a esta partida, confiando en que a divulgación destas demandas a través de medios de comunicación e redes sociais contribúa a fortalecer a nosa posición negociadora fronte á administración.

Ademais, discutíronse aspectos de xestión colexial en áreas de deontoloxía, tesourería e tecnoloxía. Destacouse a progresiva implementación de sedes electrónicas tanto no Consello Autonómico como nos sete colexios de Galicia. Tamén se está a traballar nun proxecto para facilitar aos letrados un canal de comunicación seguro e certificado para a transmisión e sinatura de documentos de maneira fidedigna con clientes, procuradores e outros letrados.